

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	Ribeira do Louro	Porriño (O)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CSCOM02	Comercio internacional	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0179	Inglés	2023/2024	0	160	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JORGE GERARDO GONZÁLEZ ARAÚJO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA2 - Interpreta información profesional contida en textos escritos complexos e analiza comprensivamente os seus contidos.
RA4 - Elabora documentos e informes propios do sector ou da vida académica e cotiá e relaciona os recursos lingüísticos cos seus propósitos.
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación e describe as relacións típicas características do país da lingua inglesa.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA2.1 Léronse cun alto grao de independencia textos de diverso tipo, adaptando o estilo e a velocidade da lectura ás finalidades, e utilizáronse fontes de referencia acaídas de xeito selectivo.
CA2.2 Interpretouse a correspondencia relativa á súa especialidade e captouse doadamente o significado esencial.
CA2.3 Interpretáronse con todo detalle textos extensos e de relativa complexidade relacionados ou non coa súa especialidade, con posibilidade de volver ler as seccións difíciles.
CA2.4 Relacionouse o texto co ámbito do sector a que se refira.
CA2.5 Identificouse con rapidez o contido e a importancia de noticias, artigos e informes sobre unha ampla serie de temas profesionais, e decidiuse sobre a oportunidade dunha análise máis fonda.
CA2.6 Realizáronse traducións de textos complexos utilizando material de apoio, en caso necesario.
CA2.7 Interpretáronse mensaxes técnicas recibidas a través de soportes telemáticos (correo electrónico, fax, etc.).
CA2.8 Interpretáronse instrucións extensas e complexas que estean dentro da súa especialidade.
CA4.1 Redactáronse textos claros e detallados sobre unha variedade de temas relacionados coa súa especialidade, para o que se sintetizaron e se avaliaron as informacións e os argumentos procedentes de varias fontes.

Criterios de avaliación do currículo
CA4.2 Organizouse a información con corrección, precisión, coherencia e cohesión e solicitouse ou facilitouse información xeral ou detallada.
CA4.3 Redactáronse informes onde se salienten os aspectos significativos e se ofrezan detalles relevantes que sirvan de apoio.
CA4.4 Formalizouse documentación específica do seu campo profesional.
CA4.5 Aplicáronse as fórmulas establecidas e o vocabulario específico na formalización de documentos.
CA4.6 Resumíronse artigos, manuais de instrucións e outros documentos escritos, e utilizouse un vocabulario amplo para evitar a repetición frecuente.
CA4.7 Utilizáronse as fórmulas de cortesía propias do documento que se elabore.
CA5.1 Definíronse os trazos máis salientables dos costumes e dos usos da comunidade onde se fale a lingua inglesa.
CA5.2 Describíronse os protocolos e as normas de relación social propios do país.
CA5.3 Identificáronse os valores e as crenzas da comunidade en que se fale lingua inglesa.
CA5.4 Identificáronse os aspectos socioprofesionais propios do sector en calquera tipo de texto.
CA5.5 Aplicáronse os protocolos e as normas de relación social do país de lingua inglesa.
CA5.6 Recoñecéronse os marcadores lingüísticos da procedencia rexional.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Recoñece información profesional e cotiá contida en discursos orais emitidos por calquera medio de comunicación en lingua estándar, e interpreta con precisión o contido da mensaxe.
RA3 - Emite mensaxes orais claras e ben estruturadas, e analiza o contido da situación, adaptándose ao rexistro lingüístico da persoa interlocutora.
RA5 - Aplica actitudes e comportamentos profesionais en situacións de comunicación e describe as relacións típicas características do país da lingua inglesa.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Identifícase a idea principal da mensaxe.
CA1.2 Recoñeceuse a finalidade de mensaxes radiofónicas e doutro material gravado ou retransmitido pronunciado en lingua estándar, e identifícase o estado de ánimo e o ton da persoa falante.
CA1.3 Extraeuse información de gravacións en lingua estándar relacionadas coa vida social, profesional ou académica.
CA1.4 Identifícanse os puntos de vista e as actitudes da persoa falante.
CA1.5 Identifícanse as ideas principais de declaracións e de mensaxes sobre temas concretos e abstractos, en lingua estándar e cun ritmo normal.
CA1.6 Comprendeuse con todo detalle o que se di en lingua estándar, mesmo nun ambiente con ruído de fondo.
CA1.7 Extraéronse as ideas principais de conferencias, charlas e informes, e doutros xeitos de presentación académica e profesional lingüisticamente complexos.
CA1.8 Tomouse conciencia da importancia de comprender globalmente unha mensaxe, mesmo sen entender todos os seus elementos.
CA3.1 Identifícanse os rexistros utilizados para a emisión da mensaxe.
CA3.2 Expresouse con fluidez, precisión e eficacia sobre unha ampla serie de temas xerais, académicos, profesionais ou de lecer, marcando con claridade a relación entre as ideas.
CA3.3 espontaneamente e adoptouse un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias.
CA3.4 Utilizáronse normas de protocolo en presentacións formais e informais.
CA3.5 Utilizouse correctamente a terminoloxía da profesión.
CA3.6 Expresáronse e defendéronse con claridade puntos de vista e achegáronse explicacións e argumentos axeitados.
CA3.7 Describiuse e determinouse a secuencia dun proceso de traballo da súa competencia.
CA3.8 Argumentouse con todo detalle a elección dunha determinada opción ou dun procedemento de traballo elixido.

Criterios de avaliación do currículo

CA3.9 Solicitouse a reformulación do discurso ou dunha parte del, en caso necesario.

CA5.1 Definíronse os trazos máis salientables dos costumes e dos usos da comunidade onde se fale a lingua inglesa.

CA5.2 Descríronse os protocolos e as normas de relación social propios do país.

CA5.3 Identificáronse os valores e as crenzas da comunidade en que se fale lingua inglesa.

CA5.4 Identificáronse os aspectos socioprofesionais propios do sector en calquera tipo de texto.

CA5.5 Aplicáronse os protocolos e as normas de relación social do país de lingua inglesa.

CA5.6 Recoñecéronse os marcadores lingüísticos da procedencia rexional.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Parte teórica:

- Coñecemento de vocabulario e estruturas gramaticais propias do nivel do ciclo necesarias para a comunicación en contextos relacionados co mundo da empresa, a administración e as finanzas, segundo se describe no currículum do ciclo.
- Comprensión e expresión oral e escrita de textos adecuados ao nivel do ciclo relacionados co contexto laboral e produtivo do mesmo, segundo se describe no currículum do ciclo.

Parte práctica (interacción e produción oral):

- Conversas de supervivencia e para socializar.
- Conversas en distintos contextos: sobre a situación laboral e condicións de traballo, atención ao cliente, estudos e estratexias de mercado, entrevistas de traballo, comercio electrónico e oportunidades de negocio (créditos, viabilidade, etc.)
- Conversas telefónica con distintas funcións: pedir información, facer un pedido, solicitar axuda técnica, reclamar un pedido ou un pago pendente, concertar unha cita e intercambiar información relacionada cunha nova viaxe ou itinerario programado (reservas de avión, hotel e restaurante)

Parte práctica (interacción e produción escrita):

- Complimentación de formularios básicos (p. ex. facturas, pedidos, solicitude de traballo)

- Redacción de documentos de comunicación (emails e cartas) para relacionarse con compañeiros de traballo, clientes ou outras empresas. Cartas de reclamación.
- Comuncacións para convocar, pospoñer, cancelar ou reprogramar reunións, para pedir información ou programar unha viaxe.
- Elaboración dun informe ou do contido dunha presentación. Textos sobre un produto ou servizo, estratexias de mercado, oportunidades de negocio, descrición de tendencias, etc.
- Elaboración dun curriculum vitae.

A cualificación final correspondente á proba do módulo será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con número enteiros, redondeada á unidade máis próxima.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba terá carácter eliminatorio e para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos tal e como recolle a ORDE do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao amparo da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación.

Esta proba ten un valor do 50% final da cualificación e consta de exercicios de expresión e comprensión escrita (Business and Administrative English: reading e writing) gramática e vocabulario. A proporción de valoración será a seguinte:

- Comprensión escrita (reading comprehension): 15%
- Producción escrita (writing): 15%
- Uso da lingua (gramática e vocabulario do ámbito administrativo): 20%

4.b) Segunda parte da proba

Esta parte constará das seguintes probas e terá un valor do 50% da cualificación final:

- Expresión oral (speaking): 25% da nota final. Pode tratarse dunha interacción, dunha mediación ou dun role play.
- Comprensión oral (listening): 25% da nota final. Exercicios de comprensión de textos orais (completar coa información que falta, múltiple elección...).

Para superar esta parte haberá que ter unha puntuación de 5 puntos tal e como recolle a ORDE do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de formación profesional dos establecidos ao amparo da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	Ribeira do Louro	Porriño (O)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CSCOM02	Comercio internacional	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiões semanais	Horas anuais	Sesiões anuais
MP0622	Transporte internacional de mercadorías	2023/2024	0	187	0
MP0622_12	Modos de transporte	2023/2024	0	150	0
MP0622_22	Protección física e xurídica da mercadoría	2023/2024	0	37	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LUCÍA GONZÁLEZ PÉREZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación
2.1. Primeira parte da proba
2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0622_22) RA1 - Determina os elementos que garanten a integridade e o tránsito das mercadorías, identificando as situacións de risco habituais.
(MP0622_12) RA1 - Determina a conveniencia dos modos e os medios de transporte, logo de avaliar as alternativas.
(MP0622_12) RA2 - Selecciona os modos e medios de transporte e as rutas óptimas, logo de analizar as alternativas.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0622_12) CA1.1 Descríronse os modos de transporte.
(MP0622_22) CA1.1 Identificouse a lexislación específica segundo o tipo de produto, a mercadoría perigosa e perecedoira, animais vivos ou de gran volume.
(MP0622_12) CA1.2 Defíníronse as características e os medios de transporte utilizados en cada modalidade.
(MP0622_22) CA1.2 Seleccionáronse os medios de protección física, as embalaxes e/ou as coberturas exteriores adecuadas á mercadoría, así como o medio de transporte e as posibles manipulacións nos centros de carga.
(MP0622_12) CA1.3 Interpretáronse as normas básicas que regulan as modalidades de transporte e clasificáronse as súas variables, para o que se analizaron as vantaxes e os inconvenientes.
(MP0622_22) CA1.3 Descríronse as condicións de sinalización, rotulaxe e etiquetaxe necesarias.
(MP0622_12) CA1.4 Determináronse as alternativas segundo a mercadoría e os puntos de orixe e de destino.
(MP0622_22) CA1.4 Fixáronse as necesidades específicas para a estiba e a colocación de mercadorías segundo a súa natureza e a cadea de transporte utilizada.
(MP0622_12) CA1.5 Recoñecéronse as infraestruturas loxísticas dispoñibles.

Criterios de avaliación do currículo
(MP0622_22) CA1.5 Valorouse a importancia de dar instrucións concretas e delimitado as competencias dos axentes externos que interveñen nas operacións de transporte.
(MP0622_12) CA1.6 Valoráronse os requisitos e a lexislación específica aplicable ás mercadorías perigosas.
(MP0622_12) CA1.7 Recoñecéronse as funcións dos profesionais que poden intervir nas expedicións internacionais.
(MP0622_12) CA1.8 Analizouse a normativa legal española e internacional aplicable, segundo o modo de transporte e a operación.
(MP0622_12) CA2.1 Recoñecéronse os elementos básicos da xeografía viaria, ferroviaria, marítima e aérea dos estados membros da Unión Europea e doutros países.
(MP0622_12) CA2.2 Obtívose información sobre posibles provedores e os servizos que prestan, en función das características da operación e dos medios de transporte.
(MP0622_12) CA2.3 Recoñecéronse as áreas de cobertura da ruta e os puntos operativos estratéxicos.
(MP0622_12) CA2.4 Valoráronse as rutas dispoñibles, os puntos de intercambio óptimos, as características do produto, o seu destino e as condicións de contrato, para seleccionar a ruta máis adecuada.
(MP0622_12) CA2.5 Analizáronse todos os compoñentes de custos, prazos de recollida, entrega da mercadoría e riscos, para a selección da ruta óptima.
(MP0622_12) CA2.6 Consideráronse as posibilidades de consolidación e/ou transbordo da mercadoría, así como a fragilidade e o perigo da mercadoría.
(MP0622_12) CA2.7 Analizáronse as vantaxes e os inconvenientes de externalizar algunhas ou todas as fases do transporte.
(MP0622_12) CA2.8 Definíronse indicadores de calidade que permitan valorar as decisións tomadas e aplicar melloras en futuras operacións.
(MP0622_12) CA2.9 Valorouse a aposta por medios que contribúan a políticas de conservación ambientais.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0622_22) RA2 - Tramita o seguro das mercadorías durante o transporte, axustándose á normativa e ás condicións establecidas no contrato de compravenda internacional.
(MP0622_12) RA3 - Elabora e formaliza contratos de transporte, para o que calcula os custos correspondentes.

Resultados de aprendizaxe do currículo

(MP0622_12) RA4 - Formaliza e xestiona a documentación das operacións de transporte internacional, analizando os requisitos exixidos en cada modo e medio de transporte utilizado, en función da mercadoría enviada.

(MP0622_12) RA5 - Secuencia as fases habituais do transporte e as posibles incidencias, utilizando os sistemas de comunicación, xestión e supervisión adecuados en cada operación.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**Criterios de avaliación do currículo**

(MP0622_22) CA2.1 Descríbense as características básicas dun contrato de seguro no transporte internacional de mercadorías e os elementos que o constitúen.

(MP0622_22) CA2.2 Identifícanse os riscos máis habituais nunha operación de compravenda internacional de mercadorías e as necesidades de cobertura, para garantir a chegada das mercadorías ao seu destino nas debidas condicións.

(MP0622_22) CA2.3 Determináronse os sistemas de protección xurídica das mercadorías e os tipos de pólizas de seguro máis utilizadas no comercio internacional, segundo a modalidade de transporte utilizado.

(MP0622_22) CA2.4 Utilizáronse as cláusulas que habitualmente se inclúen nas pólizas de seguro.

(MP0622_22) CA2.5 Establecéronse os procedementos de contratación do seguro nas operacións de comercio internacional.

(MP0622_22) CA2.6 Seleccionouse a póliza de seguro máis adecuada para cada operación de comercio internacional segundo as características das mercadorías e os modos de transporte utilizados na expedición.

(MP0622_22) CA2.7 Estableceuse o procedemento que cumpra seguir en caso de sinistro ou incidencias xurdidas nas operacións de comercio internacional cubertas cunha póliza de seguro.

(MP0622_22) CA2.8 Obtívose información sobre as principais compañías de seguros que operan no mercado, tramitando os riscos a través das ferramentas informáticas das súas páxinas web.

(MP0622_12) CA3.1 Descríbense os contratos de transporte tendo en conta os incoterms e as obrigas de cada unha das partes contratantes.

(MP0622_12) CA3.2 Seleccionouse e formalizouse o modelo de contrato do servizo de transporte, segundo os modos utilizados.

(MP0622_12) CA3.3 Identificouse a normativa, as técnicas e o sistema de tarifas aplicable a cada medio de transporte.

(MP0622_12) CA3.4 Interpretáronse as cláusulas habituais e os compoñentes do custo do servizo de transporte terrestre, marítimo, aéreo e multimodal.

Cráterios de avaliación do currículo

(MP0622_12) CA3.5 Calculouse o custo de operacións de transportes por estrada, ferroviarios, marítimos, aéreos e multimodais, cos medios informáticos axeitados.

(MP0622_12) CA3.6 Calculouse o valor da mercadoría nun punto determinado da ruta.

(MP0622_12) CA3.7 Valoráronse os custos adicionais e os riscos que se poden orixinar en función da mercadoría, o medio de transporte e a ruta.

(MP0622_12) CA3.8 Relacionáronse as incidencias producidas nas operacións coas actuacións posteriores para a súa resolución.

(MP0622_12) CA4.1 Seleccionáronse os documentos de porte e tránsito necesarios segundo os produtos, a ruta, os modos e os medios de transporte.

(MP0622_12) CA4.2 Determinouse a tipoloxía de permisos de circulación ou navegación requiridos en cada modalidade de transporte, e os trámites para a súa expedición e a súa renovación.

(MP0622_12) CA4.3 Xestionáronse os permisos e as autorizacións previas necesarias.

(MP0622_12) CA4.4 Verificáronse os importes, as datas e os prazos de toda a documentación.

(MP0622_12) CA4.5 Descríbonse os procesos de inspección das operacións de exportación, importación, entregas intracomunitarias, adquisicións intracomunitarias e de compra ou venda domésticas.

(MP0622_12) CA4.6 Aseguráronse as condicións de seguimento e rastrexabilidade da mercadoría.

(MP0622_12) CA4.7 Seleccionáronse os soportes de rexistro e arquivo, e o sistema de clasificación e mantemento máis adecuado para a operativa de transporte internacional.

(MP0622_12) CA4.8 Respectáronse os niveis de protección, seguridade e acceso á información, así como a normativa.

(MP0622_12) CA4.9 Aplicáronse, na formalización e no arquivo da documentación, as técnicas dos tres erres (reducir, reutilizar e reciclar).

(MP0622_12) CA5.1 Analizouse a importancia da localización da mercadoría ao longo do percorrido.

(MP0622_12) CA5.2 Sinaláronse os medios de seguimento e supervisión de cada operación.

(MP0622_12) CA5.3 Determináronse os medios ou as aplicacións de comunicación e información óptimos para cada operación, modo de transporte, ruta e destino.

(MP0622_12) CA5.4 Comprobase que as instrucións dadas a todos os profesionais que interveñen se axusten ao procedemento establecido para cada operación e modo de transporte.

(MP0622_12) CA5.5 Definíronse as actuacións que cumpra realizar en caso de sinistro ou incidencia.

Crterios de avaliación do currículo

(MP0622_12) CA5.6 Especificáronse os indicadores de calidade do servizo de transporte e as actuacións en caso de desviacións endóxenas repetitivas.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

-Á luz dos mínimos establecidos en cada Unidade didáctica e complementando estas coa visión xeral do módulo, sinálanse os seguintes mínimos que o alumnado deberá dominar para a superación das materias incluídas nas dúas unidade formativas que compoñen o módulo de Transporte Internacional de Mercadorías:

CA1.1 - Descríbense os modos de transporte nas modalidades estrada, marítimo, ferrocarril, aéreo, multimodal .

CA1.2 - Defínense as características e os medios de transporte utilizados en cada modalidade.

CA1.3 - Interpretáronse as normas básicas que regulan as modalidades de transporte e clasificáronse as súas variables, para o que se analizaron as vantaxes e os inconvenientes.

CA1.6 - Valoráronse os requisitos e a lexislación específica aplicable ás mercadorías perigosas.

CA1.8 - Analizouse a normativa legal española e internacional aplicable, segundo o modo de transporte e a operación.

CA3.1 - Descríbense os contratos de transporte tendo en conta os incoterms e as obrigas de cada unha das partes contratantes.

CA3.2 - Seleccionouse e formalizouse o modelo de contrato do servizo de transporte, segundo os modos utilizados.

CA3.3 - Identificouse a normativa, as técnicas e o sistema de tarifas aplicable a cada medio de transporte.

CA3.4 - Interpretáronse as cláusulas habituais e os compoñentes do custo do servizo de transporte terrestre, marítimo, aéreo e multimodal.

CA3.5 - Calculouse o custo de operacións de transportes por estrada, ferroviarios, marítimos, aéreos e multimodais, cos medios informáticos axeitados.

CA3.6 - Calculouse o valor da mercadoría nun punto determinado da ruta.

CA3.7 - Valoráronse os custos adicionais e os riscos que se poden orixinar en función da mercadoría, o medio de transporte e a ruta.

CA3.8 - Relacionáronse as incidencias producidas nas operacións coas actuacións posteriores para a súa resolución.

CA4.1 - Seleccionáronse os documentos de porte e tránsito necesarios segundo os produtos, a ruta, os modos e os medios de transporte.

CA4.2 - Determinouse a tipoloxía de permisos de circulación ou navegación requiridos en cada modalidade de transporte, e os trámites para a súa expedición e a súa renovación.

CA4.3 - Xestionáronse os permisos e as autorizacións previas necesarias.

CA4.4 - Verificáronse os importes, as datas e os prazos de toda a documentación.

CA4.5 - Describíronse os procesos de inspección das operacións de exportación, importación, entregas intracomunitarias, adquisicións intracomunitarias e de compra ou venda domésticas.

CA4.6 - Aseguráronse as condicións de seguimento e rastrexabilidade da mercadoría.

CA4.7 - Seleccionáronse os soportes de rexistro e arquivo, e o sistema de clasificación e mantemento máis adecuado para a operativa de transporte internacional.

CA4.8 - Respectáronse os niveis de protección, seguridade e acceso á información, así como a normativa.

CA4.9 - Aplicáronse, na formalización e no arquivo da documentación, as técnicas dos tres erres (reducir, reutilizar e reciclar).

CA5.1 - Analizouse a importancia da localización da mercadoría ao longo do percorrido.

CA5.2 - Sinaláronse os medios de seguimento e supervisión de cada operación.

CA5.3 - Determináronse os medios ou as aplicacións de comunicación e información óptimos para cada operación, modo de transporte, ruta e destino.

CA5.4 - Comprobase que as instrucións dadas a todos os profesionais que interveñen se axusten ao procedemento establecido para cada operación e modo de transporte.

CA5.5 - Definíronse as actuacións que cumpra realizar en caso de sinistro ou incidencia.

CA5.6 - Especificáronse os indicadores de calidade do servizo de transporte e as actuacións en caso de desviacións endóxenas repetitivas

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Todos os elementos curriculares (resultados de aprendizaxes, criterios de avaliación e bloques de contidos asociais) deste módulo son mínimos esixibles e poden ser preguntados en calquera das partes da proba. Para obter unha avaliación positiva é preciso superar cada unha das partes con 5 puntos sobre 10 como mínimo. A cualificación final, sempre que estean aprobadas as dúas partes da proba, realizarase mediante unha media aritmética das dúas cualificacións, teórica e práctica.

PARTE TEÓRICA: Consistirá na realización dunha parte tipo test e/ou preguntas de desenvolver, na que será preciso acadar un mínimo de 5 puntos. Esta proba teórica versará sobre contidos teóricos do módulo, no caso das preguntas tipo test cada dúas preguntas mal contestadas restarán unha ben respostada. As preguntas non contestadas non penalizan.

Se o resultado da proba teórica é inferior a 5 puntos non terá dereito a realización da proba práctica.

4.b) Segunda parte da proba

PROBA PRÁCTICA : consistirá na realización dun ou varios suposto práctico/s relacionado cos contidos do módulo. A puntuación máxima será de 10 puntos e como mínimo deberá acadar 5 puntos para superar a proba.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	Ribeira do Louro	Porriño (O)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CSCOM02	Comercio internacional	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0623	Xestión económica e financeira da empresa	2023/2024	0	187	0
MP0623_34	Facturación	2023/2024	0	34	0
MP0623_44	Contabilidade e solvencia económica	2023/2024	0	67	0
MP0623_24	Financiamento	2023/2024	0	56	0
MP0623_14	Iniciativa emprendedora e formas xurídicas da empresa	2023/2024	0	30	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	BEATRIZ FERNÁNDEZ BERNÁRDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0623_44) RA1 - Xestiona o proceso contable e fiscal da empresa, aplicando a normativa mercantil e fiscal, e os principios e as normas do Plan Xeral Contable (PXC).
(MP0623_24) RA1 - Organiza os trámites para a obtención dos recursos necesarios para o financiamento dos investimentos e as subministracións, con avaliación das alternativas financeiras posibles.
(MP0623_14) RA1 - Compila información sobre iniciativas emprendedoras e oportunidades de creación de empresas, para o que valora o impacto sobre o ámbito de actuación, incorporando valores éticos.
(MP0623_34) RA1 - Elabora facturas, recibos e documentos de cobramento e pagamento dos produtos e dos servizos prestados, aplicando as normas mercantís e fiscais de facturación.
(MP0623_44) RA2 - Determina a rendibilidade dos investimentos e a solvencia e eficiencia da empresa, analizando os datos económicos e a información contable dispoñibles.
(MP0623_24) RA2 - Determina as formalidades para a compravenda e/ou o alugamento dos activos da empresa (vehículos e outros elementos), para o que analiza as necesidades de investimentos e subministracións, e os recursos financeiros necesarios.
(MP0623_14) RA2 - Establece a forma xurídica da empresa axustándose á normativa e ao seu contexto.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0623_34) CA1.1 Interpretáronse as normas mercantís e fiscais, e os usos do comercio que regulan a facturación de produtos e/ou servizos, incluíndo a facturación electrónica.
(MP0623_14) CA1.1 Avaliáronse os conceptos de cultura emprendedora e de innovación, e a súa importancia como fonte de creación de emprego e benestar social.
(MP0623_24) CA1.1 Identificáronse os organismos que informan sobre a obtención de axudas e subvencións públicas para a adquisición e a renovación de activos.
(MP0623_44) CA1.1 Identificáronse os conceptos básicos do PXC: elementos patrimoniais, masas patrimoniais e equilibrio patrimonial.

Criterios de avaliación do currículo

(MP0623_34) CA1.2 Identifícanse os impostos que gravan os servizos que presta a empresa, como o de transporte e os tipos de gravame aplicables en cada caso.

(MP0623_14) CA1.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración para ter éxito na actividade emprendedora.

(MP0623_44) CA1.2 Diferenciáronse as partidas do balance, analizando a súa relación funcional: activo (fixo e circulante), pasivo (fixo e circulante) e patrimonio neto.

(MP0623_34) CA1.3 Interpretáronse os aspectos do imposto sobre o valor engadido (IVE) e as obrigas establecidas para a facturación de produtos e/ou servizos nacionais e internacionais.

(MP0623_14) CA1.3 Descríronse individualmente as funcións básicas da empresa e analizáronse todas en conxunto como un sistema integral.

(MP0623_24) CA1.3 Analizouse información sobre o procedemento, os requisitos, as garantías e a documentación que se esixen para obter un crédito ou un préstamo nunha entidade financeira.

(MP0623_44) CA1.3 Diferenciáronse os conceptos de investimento, gasto e pagamento, ingreso e cobramento.

(MP0623_44) CA1.4 Rexistráronse as operacións realizadas e calculouse o resultado, de acordo cos principios xerais e as normas de valoración do PXC.

(MP0623_14) CA1.4 Identifícanse os principais compoñentes do contexto xeral (económico, social, demográfico e cultural) que rodea a empresa.

(MP0623_34) CA1.5 Analizáronse as características, os custos de xestión de cobramento e negociación, e os riscos de cada medio de pagamento ou cobramento.

(MP0623_14) CA1.5 Avaliáronse os conceptos de cultura empresarial e imaxe corporativa, e a súa relación cos obxectivos empresariais.

(MP0623_24) CA1.5 Diferenciáronse os conceptos de xuro nominal, xuro efectivo e taxa anual equivalente (TAE), tanto en investimentos como en instrumentos financeiros (préstamos e créditos).

(MP0623_44) CA1.5 Determinouse a amortización dos elementos do inmovilizado, de acordo coa normativa fiscal e o PXC.

(MP0623_34) CA1.6 Xestionáronse os impagamentos da clientela cumprindo os requisitos e os prazos recollidos na normativa.

(MP0623_14) CA1.6 Recoñeceuse o fenómeno da responsabilidade social da empresa e a súa importancia como elemento de estratexia empresarial.

(MP0623_44) CA1.6 Elaboráronse as contas anuais de acordo con do PXC para as pequenas e medianas empresas.

(MP0623_34) CA1.7 Supervisáronse as condicións de pagamento e cobramento das operacións en divisas.

(MP0623_14) CA1.7 Identifícanse prácticas que incorporan valores éticos sociais, e de economía sustentable.

Cráterios de avaliación do currículo

(MP0623_44) CA1.7 Identifícanse as obrigas fiscais derivadas da aplicación e a xestión do IVE.

(MP0623_44) CA1.8 Establecéronse as xestións que cumpra realizar para a liquidación dos impostos que afectan a xestión da empresa.

(MP0623_24) CA1.8 Analízase o procedemento e as condicións para solicitar os avais, as fianzas e as garantías bancarias que se requiren para realizar determinadas operacións de transporte especial.

(MP0623_44) CA1.9 Identifícanse os impostos sobre determinados elementos da empresa, así como as taxas, os canons e os dereitos de uso que cumpra pagar pola utilización de determinadas infraestruturas.

(MP0623_44) CA1.10 Determináronse as obrigas fiscais relativas aos impostos que gravan os beneficios, en función da forma xurídica da empresa: IRPF e imposto de sociedades.

(MP0623_44) CA2.1 Empregáronse as aplicacións e as utilidades da información contable e os estados financeiros para unha xestión eficaz da empresa.

(MP0623_14) CA2.1 Analízase o concepto de persoa empresaria e os requisitos esixidos para actuar como tal.

(MP0623_24) CA2.1 Determináronse as necesidades de activos da empresa (vehículos, instalacións, maquinaria, etc.) e as subministracións necesarias, en función dos custos e os riscos existentes, e as garantías ofrecidas.

(MP0623_44) CA2.2 Valoráronse as relacións de equilibrio necesarias entre os investimentos realizados e os recursos financeiros propios e alleos, diferenciando entre o financiamento básico e o do circulante, así como entre os curtos e os longos prazos.

(MP0623_14) CA2.2 Avaliáronse as formas xurídicas das empresas.

(MP0623_24) CA2.2 Analizáronse as diferenzas fundamentais entre a compravenda ou o alugamento dos elementos de inmovilizado necesarios para o exercicio da actividade (vehículos, maquinaria, etc.).

(MP0623_44) CA2.3 Aplicáronse os métodos máis habituais para a avaliación da rendibilidade de investimentos: taxa interna de rendibilidade (TIR), valor actual neto (VAN) e taxa de retorno.

(MP0623_24) CA2.3 Identifícanse as variables dun plan de investimento, diferenciando o financiamento propio e o alleo, e a recuperación dos investimentos a curto e a longo prazo.

(MP0623_24) CA2.4 Determináronse as necesidades de subministracións e de servizos de mantemento e repostos, así como os custos que se derivan dos sistemas de aprovisionamento.

(MP0623_14) CA2.5 Determináronse os trámites xurídicos e administrativos que cumpra realizar para a constitución da empresa, a partir da información obtida nas administracións e nos organismos competentes.

(MP0623_24) CA2.7 Contactouse en liña e fóra de liña con provedores e subministradores potenciais, e solicitóuselles a presentación de ofertas e orzamentos de acordo coas especificacións recibidas.

(MP0623_14) CA2.9 Analizáronse as funcións de sindicatos, comités de empresa, representantes de persoal, inspección de traballo e outras institucións sociais que interveñen no sector correspondente.

(MP0623_14) CA2.10 Analizáronse as situacións de insolvencia, quebra e suspensión de pagamentos, e o procedemento de concurso de acredores en casos de insolvencia, así como a responsabilidade do empresario.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
(MP0623_44) RA1 - Xestiona o proceso contable e fiscal da empresa, aplicando a normativa mercantil e fiscal, e os principios e as normas do Plan Xeral Contable (PXC).
(MP0623_24) RA1 - Organiza os trámites para a obtención dos recursos necesarios para o financiamento dos investimentos e as subministracións, con avaliación das alternativas financeiras posibles.
(MP0623_14) RA1 - Compila información sobre iniciativas emprendedoras e oportunidades de creación de empresas, para o que valora o impacto sobre o ámbito de actuación, incorporando valores éticos.
(MP0623_34) RA1 - Elabora facturas, recibos e documentos de cobramento e pagamento dos produtos e dos servizos prestados, aplicando as normas mercantís e fiscais de facturación.
(MP0623_44) RA2 - Determina a rendibilidade dos investimentos e a solvencia e eficiencia da empresa, analizando os datos económicos e a información contable dispoñibles.
(MP0623_24) RA2 - Determina as formalidades para a compravenda e/ou o alugamento dos activos da empresa (vehículos e outros elementos), para o que analiza as necesidades de investimentos e subministracións, e os recursos financeiros necesarios.
(MP0623_14) RA2 - Establece a forma xurídica da empresa axustándose á normativa e ao seu contexto.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
(MP0623_24) CA1.2 Obtívose información sobre os instrumentos financeiros e de crédito máis habituais para o financiamento dos investimentos e demais operacións da empresa.
(MP0623_34) CA1.4 Realizouse a facturación da venda de produtos e/ou a prestación de servizos, utilizando as aplicacións informáticas adecuadas.
(MP0623_24) CA1.4 Calculáronse os custos e analizáronse os requisitos e as garantías esixidas nas operacións de leasing e renting, para a compra de elementos do inmovilizado, como vehículos e similares.
(MP0623_44) CA1.4 Rexistráronse as operacións realizadas e calculouse o resultado, de acordo cos principios xerais e as normas de valoración do PXC.
(MP0623_44) CA1.5 Determinouse a amortización dos elementos do inmovilizado, de acordo coa normativa fiscal e o PXC.
(MP0623_44) CA1.6 Elaboráronse as contas anuais de acordo con do PXC para as pequenas e medianas empresas.
(MP0623_24) CA1.6 Calculáronse os custos e as cotas de amortización dun préstamo mediante os sistemas de amortización máis utilizados.

Cráterios de avaliación do currículo

(MP0623_24) CA1.7 Seleccionouse a alternativa financeira máis vantaxosa para a adquisición de diversos activos, como vehículos e maquinaria, en función de custos, riscos e garantías.

(MP0623_14) CA1.8 Levouse a cabo un estudo de viabilidade económica e financeira dunha pequena ou mediana empresa.

(MP0623_24) CA1.9 Utilizáronse follas de cálculo para analizar, mediante as funcións oportunas, as operacións financeiras.

(MP0623_44) CA1.11 Utilizouse unha aplicación informática de contabilidade.

(MP0623_44) CA2.3 Aplicáronse os métodos máis habituais para a avaliación da rendibilidade de investimentos: taxa interna de rendibilidade (TIR), valor actual neto (VAN) e taxa de retorno.

(MP0623_14) CA2.3 Obtívose información sobre as posibles axudas e subvencións oficiais para a creación dunha empresa.

(MP0623_44) CA2.4 Calculouse o valor de adquisición, vida útil, valor actual, valor de reposición e valor residual dos elementos do inmovilizado.

(MP0623_14) CA2.4 Seleccionouse, a partir dun estudo comparativo, a forma xurídica máis axeitada, valorando os custos, a responsabilidade e as obrigas xurídicas.

(MP0623_44) CA2.5 Calculáronse os fluxos de tesouraría (cash-flow) e o período medio de maduración.

(MP0623_24) CA2.5 Avaliáronse plans de investimento a partir dos custos e a previsión de ingresos.

(MP0623_44) CA2.6 Calculouse o punto morto ou limiar de rendibilidade.

(MP0623_14) CA2.6 Calculáronse e/ou analizáronse os gastos de constitución e posta en marcha da empresa derivados de cada forma xurídica, consultando a lexislación.

(MP0623_24) CA2.6 Analizáronse as vantaxes e os inconvenientes dos tipos de mercados de activos, así como os de primeira e segunda man, e de alugamento de vehículos.

(MP0623_44) CA2.7 Calculáronse as razóns e os indicadores financeiros principais para analizar os estados financeiros a través do balance e a conta de resultados, tanto a curto como a longo prazo.

(MP0623_14) CA2.7 Determináronse os trámites administrativos, as autorizacións, as licenzas e a capacitación profesional, de ser o caso, que se requiren para a posta en marcha dunha empresa.

(MP0623_44) CA2.8 Utilizáronse follas de cálculo para a determinación das razóns financeiras e o cálculo da rendibilidade da empresa.

(MP0623_24) CA2.8 Avaliáronse as alternativas para a adquisición e a renovación de elementos de inmovilizado como vehículos, maquinaria e instalacións, a partir da análise comparativa dos orzamentos de compra e as condicións de pagamento.

(MP0623_14) CA2.8 Identificáronse as obrigas laborais e fiscais derivadas do exercicio da actividade económica da empresa.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES:

Para superar o módulo, o alumnado deberá resolver correctamente unha serie de cuestións teóricas e exercicios teórico-prácticos que contemplen o seguinte:

- Desenvolvemento da iniciativa emprendedora no ámbito empresarial.
- Constitución e posta en marcha dunha empresa.
- Identificar as fontes de financiamento e calcular o custo efectivo
- Elaboración e xestión de facturas, recibos e documentos de cobramento e pagamento.
- Cálculo e análise de custos financeiros.
- Elaboración de orzamentos.
- Elaboración e xestión dos documentos derivados das obrigas fiscais da empresa.
- Recoñecer e saber aplicar as principais contas do PXC. Pemes.
- Contabilizar nos libros Diario e Maior as operacións habituais de un ciclo económico.
- Redactar balances de situación e contas de perdas e ganancias elementais.
- Realizar o proceso de regularización para a determinación do resultado.
- Cálculo e análise da rendibilidade, eficiencia, solvencia e liquidez da empresa no curto e no longo prazo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A nota final será o resultado de calcular a media aritmética entre as notas de ambas probas (primeira parte: teórica e segunda parte: práctica).

Somentes calcularase a media aritmética en caso de que ambas partes da proba estén aprobadas (nota igual ou superior a 5).

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba de avaliación constará dun exame tipo test sobre os contidos do módulo, con 4 opcións de respostas e unicamente unha resposta correcta, puntuado sobre 10 puntos.

Nesta primeira parte, será necesario acadar una nota mínima dun 5 sobre 10 para poder superala.

Soamente se podera acceder á 2ª proba unha vez superada a primeira.

4.b) Segunda parte da proba

A segunda parte da proba de avaliación constará dunha serie de supostos teórico-prácticos.

Para superala proba e a asignatura, será necesario acadar unha nota mínima de 5 sobre 10.

A nota final do módulo, será a media aritmética das dúas partes da proba.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019529	Ribeira do Louro	Porriño (O)	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
COM	Comercio e márketing	CSCOM02	Comercio internacional	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0625	Loxística de almacenamento	2023/2024	0	123	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JAVIER FERREIRO ÁLVAREZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación
2.1. Primeira parte da proba
2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Relaciona a normativa específica do almacenamento recoñecendo as normas de contratación e de tratamento de mercadorías especiais.
RA2 - Organiza o proceso de almacenamento por tipo de actividade e volume de mercadorías, aproveitando optimamente os espazos e os tempos de manipulación.
RA3 - Confecciona e controla o orzamento do almacén identificando desviacións provenientes da asignación de custos.
RA4 - Xestiona as existencias do almacén asegurando o seu aprovisionamento e a súa expedición.
RA5 - Xestiona as operacións suxeitas á loxística inversa, determinando o tratamento que haxa que darlles ás mercadorías retornadas.
RA6 - Supervisa os procesos realizados no almacén, implantando sistemas de mellora da calidade do servizo e plans de formación e reciclaxe do persoal.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Analizáronse as normas que regulamentan as actividades de almacenamento e distribución.
CA1.2 Aplicouse a normativa na formalización do contrato de depósito.
CA1.3 Comentáronse as normas nacionais e internacionais sobre o almacenamento de produtos.
CA1.4 Analizáronse os aspectos que caracterizan un depósito alfandegueiro, unha zona e un depósito franco, un local autorizado, etc.
CA1.5 Definíronse as formalidades e os trámites que deben realizarse nun almacén.
CA1.6 Planificáronse, no almacén, sistemas de calidade homologables a nivel internacional.
CA2.1 Analizáronse as condicións e as modalidades dos sistemas de almacenamento segundo diferentes variables.

Crterios de avaliación do currículo

CA2.2 Estableceuse a secuencia dos subprocesos do proceso loxístico de almacenaxe.

CA2.3 Realizouse o deseño en planta do almacén en función das operacións e dos movementos que haxa que realizar.

CA2.4 Seleccionáronse equipamentos, medios e ferramentas de manutención, segundo as características do almacén e das mercadorías almacenadas, aplicando criterios económicos, de calidade e de servizo.

CA2.5 Aplicáronse métodos e técnicas de aproveitamento óptimo dos espazos de almacenamento.

CA2.6 Utilizáronse métodos de redución nos tempos de localización e manipulación das mercadorías.

CA2.7 Seleccionáronse sistemas modulares de envasamento e embalaxe das mercadorías do almacén.

CA2.8 Concretáronse procedementos de prevención de riscos no almacén.

CA3.1 Determináronse as partidas e os conceptos que cumpra ter en conta para elaborar un orzamento estimativo do servizo de almacén.

CA3.2 Calculouse periodicamente o custo de funcionamento do almacén.

CA3.3 Identificáronse os indicadores ou estándares económicos óptimos: custo por hora, custo por servizo, etc.

CA3.4 Calculáronse os custos de almacén en función da urxencia, os prazos de entrega, a preparación de mercadorías, co-packing, paletización, etc.

CA3.5 Analizáronse as desviacións sobre os custos previstos, identificando a súa causa e a súa orixe, e propuxéronse medidas correctoras de acordo co procedemento establecido pola empresa.

CA3.6 Preparouse o orzamento de gastos do almacén, tendo en conta os custos da actividade e o nivel de servizo establecido, utilizando follas de cálculo informático.

